

As entidades sociais da cidade realizan un chamamento para apertura urxente do Centro proxectado pola Xunta de Galicia no edificio da Gota de Leite

A REDE SOCIAL GALICIA SUR RECLAMA AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A APERTURA URXENTE DO CENTRO DE INCLUSIÓN SOCIAL NO EDIFICIO DO FOGAR SAN PAIO - "GOTA DE LEITE"

A Rede demanda, ademáis, unha entrevista con carácter de urxencia para abordar o estado no que se atopa o proxecto e prestar a súa colaboración e orientación se así fora necesario

A Rede Social Galicia Sur diríxese aos medios de comunicación para dar difusión do comunicado remitido ao Presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijoo, en relación co proxecto de apertura do Centro de Emerxencia Social e Albergue Público no edificio do antigo Fogar San Paio (Gota de Leite) instando ao novo equipo de goberno a que se acelere a súa posta en funcionamento ante a urxencia inaprazable que afecta a situación das persoas que se atopan sen fogar na cidade de Vigo. Unha copia deste comunicado foi remitido a súa vez á Conselleira de Traballo e Benestar, Dona Beatriz Mato e a Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Dona Lucía Molares Pérez.

Ante o cruce de manifestacións e diversas consideracións realizadas nas últimas semanas dende distintos órganos e entidades públicas e privadas, a Rede Social Galicia Sur considera que existe un proxecto formulado pola Xunta de Galicia para a apertura dun Centro de Inclusión Social en Vigo cujas obras de acondicionamento foron xa iniciadas no citado edificio e que é un proxecto enmarcado na Rede de Centros de Inclusión Social que contempla o II Plan Galego de Inclusión Social (2007-2013) en resposta ás necesidades das persoas sen fogar e as situacións de emerxencia e pobreza severa. Estamos a falar, polo tanto, dun proxecto de carácter autonómico xa iniciado e inaprazable.

Doutra banda, a Rede Social Galicia Sur anuncia a realización de diversos actos na vindeira semana, entre eles, a construción o xoves día 21 ás 20 horas da segunda CADEA HUMANA arredor do edificio do Fogar San Paio (Gota de Leite) co gallo de convidar á cidadanía viguesa á celebración simbólica da próxima apertura deste centro na cidade de Vigo.

A Rede Social Galicia Sur é unha plataforma que aglutina a máis de 20 organizacións de Vigo e bisbarra que traballan tanto nos países do Sur como en Galicia pola xustiza social e por acadar un mundo máis xusto, equitativo e sostible para toda a cidadanía.

Ás organizacións que forman parte da Rede Social Galicia Sur son: Amarante, Aida, Axuda en Acción, Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, Comité Oscar Romero, Dar Máis, Educación Sen fronteiras, Emaús Fundación Social, Entreculturas, Enxeñería sen fronteiras, Fundación Balms, Fundación Jóvenes y Desarrollo, Fundación Proclade, Fundación Secretariado Xitano, Programas de saúde e convivencia da UAD do Concello de Vigo, Implicad@s no desenvolvemento, Intermón Oxfam, Médicos do Mundo, MunDos Cooperativa de Comercio Xusto, Seminario Galego de Educación para a Paz, Solidariedade Internacional, Solidarios para o desenvolvemento, Taller de Solidariedade e Verdegaiá.